



GALIZA NOVA
www.galizanova.org

a nosa lingua, a nosa nación, **AUTODETERMINACIÓN!**

Alfonso Daniel R. Castelao afirmaba na súa obra Sempre en Galiza que: “unha nación é unha comunidade estábel, historicamente formada de idioma, de territorio, de vida económica e de hábitos psicolóxicos reflexados nunha comunidade de cultura. Somentes a existencia de todos estes signos distintivos, en conxunto, pode formar a nación”. É evidente que Galiza é unha nación, mais que non conta con dereitos políticos para poder decidir libremente o seu futuro.

O marco constitucional e autonómico vixente nega os nosos dereitos colectivos. Isto impide que poidamos artellar políticas propias a nivel económico na defensa dos nosos sectores produtivos, no desenvolvemento dun marco galego de relacións laborais, no ordenamento e protección do noso medio natural, no impulso das seleccións deportivas propias ou no desenvolvemento da nosa lingua e cultura con normalidade no noso propio territorio.

Hoxe, como vén facendo o nacionalismo galego durante toda a súa historia, opoñémonos á Constitución española porque nega a existencia da nación galega e o dereito de autodeterminación, imprescindíbel para o desenvolvemento do noso futuro e para non estar sometidos á presión ou ás inxerencias alleas á propia vontade das galegas e galegos.

As mozas e mozos galegos non imos celebrar unha Constitución sacralizada polo PP e polo PSOE que, despois de máis de 30 anos, só serve para agravar os nosos problemas: desmantela as bases da nosa economía, provoca uns niveis de paro e precariedade escandalosos entre a xente nova, favorece a destrución dos nosos recursos naturais ou deteriora o ensino público. Non imos celebrar unha Constitución que lles atribúe ás forzas armadas “a misión de defender a integridade territorial de España”. Non imos celebrar unha Constitución que nos priva de liberdade e dos nosos dereitos democráticos máis elementais, como o dereito a vivirmos en galego. No Estado español non todas e todos somos iguais, nin tampouco todas as linguas e culturas gozan dos mesmos dereitos. Só hai unha lingua, o español, que todas as cidadás e todos os cidadáns “teñen o deber de coñecer e o dereito de usar”. A nosa lingua propia, o galego, non conta con este recoñecemento e padece unha discriminación a nivel social e xurídico evidente. Os ataques que a lingua galega está a sufrir por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza veñen amparados por esta desigualdade xurídica da nosa lingua e favorecen a situación de racismo lingüístico que se vive na Galiza. A modificación da Lei de función pública, o uso deturpado da nosa toponimia ou a derogación do Decreto 124/07 no ensino son algunhas das consecuencias desta desigualdade legal do galego fronte ao español.

Desde Galiza Nova, organización xuvenil do BNG, somos conscientes de que en Galiza non estamos de aniversario e de que só avanzaremos nos nosos dereitos coa mobilización e a implicación de todas e todos. A defensa da lingua galega significa a defensa de Galiza como nación e, por iso, nas vindeiras semanas as mozas e mozos sairemos á rúa en contra do Partido Popular e das políticas que buscan a eliminación da nosa lingua propia. Así que súmate á defensa da nosa lingua, súmate á defensa de Galiza!